



**SESION EXTRAORDINARIA
DO PLENO DA CORPORACION
CORRESPONDENTE O DIA 22 DE NOVEMBRO DE 2022**

No salón de Sesiões da Casa do Concello de A Mezquita, sendo ás dezanove horas e dez minutos do día vinte e dous de novembro dous mil vinte dous, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Rafael Pérez Vázquez, coa asistencia do Sres. Concelleiros D. Antonio Blanco Martínez, D. Francisco Fernandes Pires, D^a Cristina Clavería Alves, D. Francisco Antonio García Fornos e D^a Susana Fernández Tomás do grupo municipal do BNG, D. Jesús Ríu Piornedo do PP, e excusa a súa ausencia D^a Tamara Ballesteros Vidueira do BNG e D. José Rodríguez Gómez do PSdeG, actuando como Secretario da Corporación D. Francisco García Suárez, REUNIUSE o Pleno da Corporación deste Concello, ó obxecto de celebrar a Sesión de Pleno de carácter Extraordinario en primeira convocatoria.

O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenrola dacordo co seguinte orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR (20/07/2022)

Apróbase a acta da sesión anterior correspondente á celebrada o 20 de xullo 2022 cos seis (6) votos a favor dos integrantes do grupo municipal do BNG presentes na sesión coa abstención do portavoz do grupo do PP D. Jesús Ríu Piornedo.

2.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE DESBROCES E LIMPEZA DE TERREOS.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O Servizo de recadación viña expresando os baixos ingresos producidos pola actividade de limpeza e desbroce de terreos dada a antiguedade da ordenanza do ano 2011 e a suba de combustibles e custos e presentou a súa proposta na que argumentaba a necesidade de tramitar o procedemento para a modificación do acordo regulador do prezo público sobre desbroces e limpeza de terreos.

SEGUNDO Incoouse pola Alcaldía o procedemento para a modificación do acordo regulador do prezo público referido.

TERCEIRO. emitíuse informe técnico económico sobre o custo e rendemento do servizo no que se xustifique a modificación do prezo público que se pretende.

CUARTO. emitíuse informe xurídico comprobándose a viabilidade e legalidade do proxecto proposto de acordo coa normativa que resulta de aplicación.

QUINTO. emitíuse pola Intervención informe no que se avaliou o impacto económico-financieiro da modificación, así como o cumprimento da normativa aplicable.

DEBATE

Expón o Sr. Alcalde a proposta de modificación fiscal nº 9 reguladora do prezo público pola limpeza de terreos e predios que fora aprobada no exercicio 2011 e non sufrira variacións dende ese exercicio.

Manifesta que a realización de desbroces ten un custe moi superior as tarifas aprobadas no seu día e faise necesario actualizar as mesmas para cubrir os custes das intervencións no gasto de persoal e tractor desbrozador. Sinala que a Comisión de Facenda emitíu informe favorable na sesión do 17 de novembro 2022.

Non habendo intervencións, o Alcalde-Presidente somete a proposta de Resolución a votación adoptando o Pleno da Corporación, por maioría, cos 6 votos a favor do grupo municipal do BNG e a abstención do representante do grupo do PP D. Jesús Ríu Piornedo o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar a modificación do acordo regulador do prezo público sobre DESBROCES E LIMPEZA DE TERREOS modificando o artigo 6 incluíndo antes dos





apartados por horas de uso o establecemento DUNHA CUOTA ÚNICA E FIXA DE 40 EUROS PARA CADA SOLICITUDE quedando redactado deste xeito:

ARTIGO 6

As tarifas que se aplicarán son as seguintes:

Cuota mínima fixa para cada solicitude 40 euros a que se engadiran os seguintes importes:

- Utilización de tractor con brazo ou traseira 60 euros/ hora.
- Roza manual ou con desbrozadora 15 euros/ hora por traballador.
- Os contratistas adxudicatarios de obras municipais que se beneficien do servizo aboarán a tarifa de 30 euros/ hora por traballador ou 80 euros por hora de tractor.

SEGUNDO. Expor ó público o anterior Acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación do devandito anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, dentro do cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica desta entidade.

TERCEIRO. Facultar á Alcaldía para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

3.- APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL ANO 2023.

ANTECEDENTES

Formado o Orzamento Municipal deste Concello correspondente ó exercicio económico 2023, así como as súas Bases de Execución e o anexo de persoal comprensiva de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Vistos os informes de Secretaría-Intervención que figuran na documentación do expediente elaborado co número 423/2022

Visto o dictame favorable da Comisión Informativa de Facenda celebrada o 17 de novembro 2022.

DEBATE E VOTACIÓN

Expón o Sr. Alcalde as liñas fundamentais do orzamento xeral para o exercicio 2022, que ascende en ingresos e gastos a 1.470.038,83 € sinalando que o Concello segue facendo un esforzo na redución da débeda municipal sen deixar de atender as necesidades do Concello aínda que o pago do canon da auga reclamado e o expediente sancionador así como o préstamo do ICO suponen mais de 150.000 €. Indica que o ORZAMENTO 2023 tamén contempla un ambicioso programa de inversión detallada no Anexo de investimentos por importe de 319.000 € e enumera os diferentes proxectos do mesmo.

Por último, sinala que nas taxas e impostos municipais non se realiza ningunha suba, mantendo os importes do 2022, salvo a ordenanza de desbroces.

Non habendo intervencións por parte do portavoz do grupo municipal popular somete á aprobación do Pleno o ORZAMENTO XERAL 2023, adoptando o Pleno da Corporación, por maioría co voto a favor dos 6 integrantes presentes do grupo municipal do BNG, e coa abstención do portavoz do PP o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o ORZAMENTO XERAL 2023 xunto coas súas Bases de Execución e que presenta o seguinte resumo por capítulos:

ORZAMENTO 2022. Resumo





A) ESTADO DE INGRESOS

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA.- RESUMO POR CAPITULOS.

CAP	DENOMINACIÓN	%	PREVISIÓN
A) OPERACIONES NON FINANCEIRAS			
A.1) OPERACIONES CORRENTES			
1	IMPOSTOS DIRECTOS	12,6%	185.000
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	0,3%	5.000
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	13,0%	190.513
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	51,7%	759.700
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	1,0%	14.400
TOTAL OPERACIONES CORRENTES		78,5%	1.154.613
A.2) OPERACIONES DE CAPITAL			
6	ALLEAMENTO DE INVERSIONS REAIS	0,0%	0
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	19,6%	287.425
TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL		19,6%	287.425
TOTAL OPERACIONES NON FINANCEIRAS		98,1%	1.442.039
B) OPERACIONES FINANCEIRAS			
8	ACTIVOS FINANCEIROS		
9	PASIVOS FINANCEIROS	1,9%	28.000
TOTAL OPERACIONES FINANCEIRAS		1,9%	28.000
TOTAL ESTADO DE INGRESOS (A+B)		100,0%	1.470.038,83





B) ESTADO DE GASTOS

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA.- RESUMO POR CAPITULOS.

CAP	DENOMINACIÓN	%	CREDITO
C) OPERACIONES NON FINANCEIRAS			
C.1) GASTOS CORRENTES			
1	GASTOS DE PERSOAL	37,9%	557.000,39
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS	30,9%	454.964,00
3	GASTOS FINANCEIROS	0,7%	9.742,41
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	0,7%	10.500,00
5	FONDO DE CONTINXENCIA ORZAMENTARIA	0,0%	0,00
TOTAL GASTOS CORRENTES		70,2%	1.032.206,80
C.2) OPERACIONES DE CAPITAL			
6	INVERSIONS REAIS	21,7%	319.000,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,0%	0,00
TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL		21,7%	319.000,00
TOTAL OPERACIONES NON FINANCEIRAS		91,9%	1.351.206,80
D) OPERACIONES FINANCEIRAS			
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,5%	8.000,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	7,5%	110.832,03
TOTAL OPERACIONES FINANCEIRAS		8,1%	118.832,03
TOTAL ESTADO DE GASTOS (C+D)		100,0%	1.470.038,83

Segundo.- Aprobar inicialmente o Anexo de persoal que figura na documentación do expediente comprensivo dos postos de traballo e retribucións para o 2023.

Terceiro.- Expor ao público o Orzamento Municipal, as Bases de Execución e o anexo de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

Cuarto.- Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

Quinto.- Remitir copia á Xunta de Galicia e a Administración do Estado.

4.-CANON UNITARIO SOGAMA TRATAMIENTO RESIDUOS DOMÉSTICOS 2022

Vista a Providencia da Alcaldía na que se recollen os seguintes antecedentes que obran no expediente Canon Unitario Tratamiento Residuos domésticos 2022.

A Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, introduciu, mediante o seu artigo 11, un novo apartado Tres bis, na Disposición Adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013 de 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, polo que se abre a posibilidade de establecer





bonificacións no canon unitario de tratamento de residuos urbanos, sempre que concorran circunstancias económicas de cumprimento dos obxectivos orzamentarios e as previsións do plan de viabilidade da Sociedade Galega do Medio Ambiente.

Pois ben, no ano 2020 déronse estes requisitos, polo que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ven de establecer unha bonificación no canon unitario para 2021, correspondente ao 10% da contía que en concepto de canon estaba vixente no ano 2020. Estas bonificacións prorrogáronse para o exercicio 2022 por Resolución do 19 de xaneiro 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG nº 19 do 28 de xaneiro 2022)

Para poder beneficiarse desta bonificación, o mencionado apartado Tres bis da DA 21 da Lei 11/2013 de 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, establece as condicións que as entidades locais deben cumprir e que, sen prexuízo do alí disposto, se resumen no seguinte:

1. A aplicación da bonificación deberá solicitarse á Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., no prazo dun mes dende a publicación no DOG do importe do canon unitario para 2021 e o importe bonificado. Dado que o Concello da Mezquita solicitou en tempo e forma a aplicación da correspondente bonificación para o exercicio 2021 e para dar cumprimento ás condicións establecidas para dita bonificación propónse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Visto o déficit existente no servizo de recollida e tratamento do lixo, entre a Recadación prevista da taxa pola recollida de lixo, ascendendo o Padrón de cobro da taxa no 2022 a 44.240 € e importando os custos de recollida e tratamento no 2022 72.600 € o que produce un déficit no servizo de 28.360 €.

O Alcalde-Presidente somete a votación este punto sendo aprobado por unanimidade co voto favorable de todos os grupos municipais do BNG e do PP o seguinte

ACORDO

Primeiro.-

Considerar como aportación dos usuarios do Servizo de recollida de lixo no 2022 a cantidade correspondente ao canon bonificado.

Nas futuras actualización de tarifas con efectos do 1 de xaneiro 2022 considerar como aportación dos usuarios o importe sinalado.

Segundo.-

O Pleno da Corporación asume o compromiso de procurar unha redución de residuos mediante a aplicación de medidas que fomenten a recollida selectiva, orientadas a prevención e redución da produción de lixo convencional ou ao fomento da reciclaxe dos envases lixeiros, adheriéndose á bonificación contemplada na Resolución de 19 de xaneiro 2022 da Consellería de Medio Ambiente.

A este fin desenvolverase co punto de reciclaxe móbil do Concello unha campaña de sensibilización nos diferentes pobos do Concello e avanzarase na instalación de composteiras individuais e comunitarias.

5.-ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon, indicando o portavoz do grupo municipal popular D. Jesús Río Piornedo que as contestacións ós escritos que registrou na data de hoxe 22 de novembro sexan contestados pola Alcaldía por escrito.

Sendo así, o Alcalde-Presidente deu por rematada a sesión sendo as dezanove horas e vinte e sete minutos, da que se levanta a presente acta, que como Secretario dou fé e Certifico





Concello de
A MEZQUITA

Avda. da Constitución, 7 - 32549 - **A MEZQUITA** (OURENSE)

Tel. 988425541 - Fax. 988425630



www.amezquita.gal



concello@amezquita.gal

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



Cod. Validación: 5LGKPMHY37KH663ZAR2A2XTL | Corrección: <https://amezquita.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6